



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

GUSTAVO RODRÍGUEZ BARTOL, XEFE DE ASESORAMENTO XURÍDICO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO E POR DELEGACIÓN DO SECRETARIO DA XERENCIA (Resolución 22.09.2011).

CERTIFICO: Que o Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria do día 4 de maio de 2012 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

3. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRA DE EXECUCIÓN SUBSIDIARIA DE DERRUBA DE NAVES EN "A LAGOA"-TEIS. EXPTE 5846/407.

Antecedentes:

Coa data 30.04.12 o Xefe dos Servizos Centrais co conforme da Xerente de Urbanismo e do Interventor Xeral do Concello informan:

1.- Antecedentes.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión ordinaria do día 18 de novembro de 2011, adoptou o seguinte acordo:

"1º Incoar o expediente de contratación da obra de demolición de naves en A Lagoa (Teis), como consecuencia do procedemento de execución subsidiaria seguido no expediente 15.791/423.

2º Aprobar o proxecto para a demolición das citadas naves, redactado polos arquitectos municipais do Servizo de Obras e Proxectos Municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo, na redacción efectuada o 27 de xuño de 2011 e que obra no expediente 15.791/423."

O mesmo órgano deste Organismo Autónomo, en sesión ordinaria de data 9 de marzo de 2012, adoptou o seguinte acordo:

"1º Aprobar o gasto, por importe de 84.767,76 euros, con cargo á partida 1510.2279905 do vixente Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo, para a realización da obra de execución subsidiaria de demolición das naves en A Lagoa, Teis (expediente 15.791/423).

2º Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares, de data 10 de febreiro de 2012, que rexerá a contratación da citada obra de derruba.

3º Aprobar o presente expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de licitación, que realizárase mediante a publicación de anuncio no perfil do contratante do Concello de Vigo."

Durante o prazo sinalado no anuncio publicado no perfil do contratante da web do Concello de Vigo, de data 22 de marzo de 2012, para a presentación de ofertas, que rematou o 9 de abril de 2012, presentáronse no Rexistro xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo as seguintes ofertas:



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

- Excavaciones Olloquiegui S.A. (doc. 120041811).
- Anllar Construcciones S.L. (doc. 120041107).
- Demoliciones Zabar S.L. (doc. 120041458).
- Arias Hermanos Construcciones, S.A. (doc. 120039768).
- Copcisa, S.A. (doc. 120039780).
- Proyecta, actividades profesionales de la construcción S.L. (doc. 120039787).
- Aldasa Constructora S.L.U. (doc. 120039802).
- Xestión Ambiental de Contratas, S.L. (doc. 120039822).
- Terrauga, proyectos y obras S.L. (doc. 120038671).
- Construcciones Crespo S.A. (doc. 120038772).
- Oresa, S.L. (doc. 120039272).
- Divicotel, S.L. (doc. 120039336).
- Milcons S.L. (doc. 120039354).
- Eiriña, S.L. (doc. 120039415).
- Construcciones Vale S.L. (doc. 120038005).
- Construcciones y desmontes Ribera Navarra, S.A. (doc. 120037276).
- Lezama Demoliciones (doc. 120037289).

A Mesa de Contratación da Xerencia de Urbanismo, en sesión celebrada o 17 de abril de 2012 procedeu a apertura da documentación persoal das ofertas presentadas (sobre "A"). Revisada a documentación a presentar, segundo a cláusula 10ª do prego de cláusulas administrativas, compróbase que toda a documentación é correcta polo que se admiten a totalidade das ofertas presentadas.

A continuación, acórdase abrir en acto público o sobre "B", que contén a oferta económica, sendo os importes ofertados os seguintes:

EMPRESA	IMPORTE ECONÓMICO	BAIXA	%
EXCAVACIONES OLLOQUEGUI SA	45.804,83	38.992,93	45,98%
ANLLAR CONSTRUCCIONES SL	50.860,66	33.937,10	40,02%
DEMOLICIONES ZABAR SL	60.150,34	24.647,42	29,07%
ARIAS HERMANOS CONSTRUCCIONES SA	60.493,61	24.304,15	28,66%
COPCISA SA	45.672,87	39.124,89	46,14%
PROYECTA SL	59.312,00	25.485,76	30,05%
C ALDASA SLU	76.926,74	7.871,02	9,28%
XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS SL	71.120,15	13.677,61	16,13%
TERRAUGA PROYECTOS Y OBRAS SL	46.478,16	38.319,60	45,19%
CONSTRUCCIONES CRESPO SA	54.115,76	30.682,00	36,18%
ORESA SL	62.558,61	22.239,15	26,23%
DIVICOTEL SL	54.878,65	29.919,11	35,28%
MILCONS SL	69.596,40	15.201,36	17,93%
EIRIÑA SL	53.310,44	31.487,32	37,13%
CONSTRUCCIONES VALE SL	53.708,00	31.089,76	36,66%
CONSTRUCCIONES Y DESMONTES RIBERA NAVARRA SA	18.000,00	66.797,76	78,77%
LEZAMA DEMOLICIONES	26.361,20	58.436,56	68,91%



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

En aplicación do previsto pola cláusula 16ª do prego de cláusulas administrativas que rexen nesta contratación, determinouse que as propostas económicas das empresas “Construcciones y desmontes Ribera Navarra S.A.” e “Lezama Demoliciones”, poderían considerarse desproporcionadas ou temerarias, polo que a Mesa de Contratación acordou que se notificase a ditas empresas para que no prazo máximo de tres días hábiles (ata o venres 20 de abril de 2012, inclusive) presentasen xustificación da viabilidade da proposta económica.

Unha vez notificadas, o 20 de abril de 2012, ambas presentaron a xustificación requirida, que foi obxecto de informe da Oficina de Obras e Proxectos Municipais (informe de 24 de abril de 2012), que conclúe expresando que “Construcciones y desmontes Ribera Navarra S.A.” e “Lezama Demoliciones” no xustifican adecuadamente a posible execución da obra polos prezos ofertados (18.000 euros e 26.361,20 euros, respectivamente), dado que *“baséase en prezos e rendementos non axustados a valores reais de mercado”* e, no segundo caso, a que *“non se achegan datos contrastables que poidan validar os prezos indicados”*.

Á vista deste informe, a Mesa de Contratación da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión celebrada o 27 de abril de 2012, acorda non aceptar as xustificacións das empresas “Construcciones y desmontes Ribera Navarra, S.A.” e “Lezama Demoliciones”, polo que propón ó Consello da Xerencia a adxudicación á empresa COPCISA, S.A. por ser a que presenta a oferta máis ventaxosa.

2.- Financiamento.

Con data 30 de abril de 2012 realízase operación contable en fase “AD” (número 201200001109), por importe de 45.672,87 euros, con cargo á partida 1510.2279905 “EXECUCIÓN SUBSIDIARIAS”.

En relación coa financiación desta obra, que realiza este Concello por conta do infractor, infórmase que se encontra en vía de constrinximento a reclamación efectuada á entidade “Astilleros y Construcciones A Lagoa, S.A.”.

De conformidade cos antecedentes sinalados e co previsto polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aprobou o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, procede propoñer ó Consello da Xerencia, competente conforme ó artigo 10º.2.h) dos vixentes Estatutos (BOP de 6 de outubro de 2010), ...”

A seguir as asinantes formulan a proposta que se contén na parte dispositiva do presente acordo.

Votación:

EN CONTRA: Ningún voto.

ABSTENCIÓNS: 4 votos: 1 do BNG: Sr. Alonso Pérez e 3 do PP: Sres Bernárdez de Dios, Iglesias Bueno e Relova Quinteiro

A FAVOR: 4 do PSG-PSOE: Sres Abelairas Rodríguez, Caballero Álvarez, Rivas González e Silva Rego.



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

Acordo:

O Consello, por maioría, adopta o seguinte acordo:

“Adxudicar a obra de execución subsidiaria de demolición das naves en A Lagoa, Teis (expediente 15.791/423) á entidade “COPCISA, S.A.”, por importe de 45.672,87 euros, con cargo á partida 1510.2279905 do vixente Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo”.

E para que conste, para os efectos oportunos, expido a presente de orde e co visto e praxe da concelleira-delegada da Área de Urbanismo, Cascos históricos e Grandes Proxectos, coa salvedade indicada no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (RD.2568/1986), en Vigo, o catro de maio de dous mil doce.

Me/

Vº e Pº.

A CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE URBANISMO,
CASCOS HISTÓRICOS E GRANDES PROXECTOS,

Mª del Carmen Silva Rego

